

Unha ollada ben diferente sobre Emilia Pardo Bazán

A profesora e investigadora María Pilar García Negro examina, neste ensaio, o feminismo de Emilia Pardo Bazán, a súa actitude ante a lingua e literatura galegas ou o trato que dispensou a Rosalía de Castro; tamén, o xeito en que a autora coruñesa exercía de galega e a imaxe que proxectaba do país; e, por último, o seu posicionamento ideolóxico ou político. En todos estes asuntos, deixa falar á propia Pardo Bazán, quen irá retratándose a través das súas obras ou declaracións. Este volume presenta unha ollada ben diferente aos estudos e libros publicados ata hoxe sobre a recoñecida narradora.

SANTIAGO DE COMPOSTELA, PRIMAVERA-VERÁN, 2021.- A autora do presente volume formula –e dá resposta– a varias cuestións relevantes arredor da personalidade e da obra de Emilia Pardo Bazán (A Coruña, 1851-Madrid, 1921), escritora plenamente integrada na literatura española de fins do XIX e comezo do XX.

María Pilar García Negro examina, por unha banda, o feminismo da narradora e pregúntase se miraba realmente con lentes *violeta* ou eran pola contra uns lentes “de clase”. Por outro lado, analiza o xeito en que Pardo Bazán exercía de galega e, sobre todo, que imaxe de Galicia construíu e difundiu por España. En terceiro lugar, abórdase tamén nestas páxinas o posicionamento político ou ideolóxico da recoñecida

autora. ¿Era dona Emilia liberal ou fundamente conservadora? ¿Como encaixaba o seu aristocratismo en todo o seu pensamento?

A súa actitude ante a lingua e a literatura galegas e o tratamento en concreto que lle dispensou a Rosalía de Castro son outras das cuestións cruciais abordadas detidamente neste ensaio.

María Pilar García Negro deixa falar, en todos estes asuntos, á propia Emilia Pardo Bazán. Será ela, a través das súas obras e das súas declaracións, quen vaia retratándose. O resultado é unha ollada ben diferente á maioría de estudos e libros publicados ata hoxe, sobre a condesa de Pardo Bazán, nun ano como o 2021 no que Galicia e España conmemoran o centenario da súa morte.



Páxinas: 158. Formato 13 x 23 cms.
ISBN 978-84-18567-07-0 PVP: 17,50 €

María Pilar García Negro (Lugo, 1953) é escritora, sagaz investigadora e profesora da Universidade da Coruña. Ensino, cultura, políticas para as mulleres e política lingüística son os eixes sobre os que desenvolve a súa actividade profesional. Entre as súas numerosas obras publicou, en Alvarellos Editora, en 2010, o estudo introdutorio de *Gran Lugo de nebra. Antoloxía de versos e prosas, 1955-1999*, de Uxío Novoneyra; en 2013, o ensaio “*Cantares gallegos*”, hoxe. *Unha lectura actualizada de Rosalía de Castro* (2013), que recibiu o Premio da Edición de Galicia ao Mellor Libro de Non Ficción do ano, e *No tempo de Follas Novas. Unha viaxe pola literatura universal* (2015), no que García Negro se ocupou do coidado da edición e convocou un excelente elenco de docentes e escritoras/es.

* Contacto coa autora: parachoivas@gmail.com

